

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 27 de febreiro de 2009 de activación de proxectos incluídos nas listas de espera do procedemento de concesión de subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia correspondentes ao período 2008-2009.

Feitos.

Primeiro.-Por resolución do director xeral da Agader do 18 de xuño de 2008 (DOG nº 127, do 2 de xullo), aprobáronse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia e convocáronse as correspondentes ao período 2008-2009. Por Resolución do 9 de decembro de 2008 (DOG nº 251, do 29 de decembro) ampliouse o orzamento e o prazo de resolución e notificación da convocatoria.

Segundo.-O director xeral da Agader, ao abeiro do acordo do Consello de Dirección do 21 de xuño de 2007, e de acordo coa proposta do subdirector de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural do 30 de decembro de 2008, resolveu, o 31 de decembro de 2008, a citada convocatoria nos termos publicados na páxina web da Agader, na cal figura a relación de proxectos a que se concede subvención, así como as listas de espera.

Terceiro.-Na lista de espera de proxectos non produtivos existe un importante número de expedientes que teñen unha elevada puntuación e que constitúen iniciativas de interese para o desenvolvemento do territorio, xa que contribúen ao incremento da calidade de vida nas zonas rurais.

Cuarto.-Existe dispoñibilidade orzamentaria para ampliar as cantidades consignadas na convocatoria coa finalidade de que estes proxectos con elevada puntuación non queden á marxe desta convocatoria e se poida dispoñer dos fondos necesarios para darlles cobertura, contribuíndo así á consecución

das actuacións e obxectivos establecidos no PDR de Galicia 2007-2013.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro.-Este órgano é competente para adoptar esta resolución de conformidade co acordo do Consello de Dirección do 21 de xuño de 2007 sobre delegación de funcións.

Segundo.-As bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores establecen no seu capítulo I, letra D: «farase uso das listas de espera, sen necesidade de nova convocatoria, cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito destinado inicialmente para unha convocatoria determinada».

Vistas as disposicións citadas e o informe proposto do 17 de febreiro de 2009 da Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural,

RESOLVO:

Primeiro.-Incrementar a dotación orzamentaria en 2.219.297,54 euros, con cargo ao orzamento do exercicio 2009, distribuíndose por aplicacións do seguinte xeito:

Partida	Importe (€)
02.01 02/31/30 656800	1.078.476,08
02.01 02/32/10 656800	657.382,65
02.01 02/32/30 656800	483.438,81

Segundo.-Proceder á activación dos seguintes proxectos non produtivos da lista de espera, coas particularidades que se relacionan a seguir, con cargo á ampliación de crédito anteriormente sinalada, de xeito que queden definidos nos seguintes termos:

*Medida 3.1.3. Fomento de actividades turísticas.

Expediente	Denominación	Promotor	Provincia	Concello	Baremo	Orzamento (€)	% Axuda	Axuda (€)
D08-31300-441	Difusión e homologación das rutas de camiñadas do concello de Beariz	Concello de Beariz	Ourense	Beariz	40,5	29.169,23	44,77	13.059,06
D08-31300-443	Repoboación de valados e instalación de paneis divulgativos do ecosistema fluvial da área recreativa da Bola	Concello da Bola	Ourense	Bola (A)	40,5	19.735,62	44,77	8.835,64
D08-31300-518	Recuperación marxes do río e limpeza de camiño	Concello de Rubiá	Ourense	Rubiá	40,5	100.800,00	44,77	45.128,16
D08-31300-599	Mellora da senda fluvial do río Louro	Concello do Porriño	Pontevedra	Porriño (O)	40,5	252.147,23	44,77	112.886,32
D08-31300-753	Dotación de infraestrutura turística deportiva no monte da Picaraña	CMVMC de Arcos	Pontevedra	Pontearreas	40,5	45.736,88	51,66	23.627,67
D08-31300-785	Adecuación, acondicionamento e equipamento de espazo natural con fins recreativos	Concello de Castrelo de Miño	Ourense	Castrelo de Miño	40,5	172.413,79	44,77	77.189,66
D08-31300-862	Área recreativa de 2.700 m ² nas marxes do río Navia nas Nogais	Asociación de empresarios das Nogais	Lugo	Nogais (As)	40,5	149.820,33	51,66	77.397,18
D08-31300-897	Área de lecer axardinada no contorno do centro sociocultural de Saíar	CMVMC da parroquia de Saíar	Pontevedra	Caldas de Reis	40,5	119.132,00	51,66	61.543,59
D08-31300-1137	Acondicionamento de espazos naturais no concello de Vilasantar	Concello de Vilasantar	Coruña (A)	Vilasantar	40,5	175.441,74	44,77	78.545,27

Expediente	Denominación	Promotor	Provincia	Concello	Baremo	Orzamento (€)	% Axuda	Axuda (€)
D08-31300-053	Recuperación e acondicionamento de camiños para rutas de camiñada	Concello de Manzaneda	Ourense	Manzaneda	40	153.208,12	51,34	78.657,05
D08-31300-104	Construción dun área recreativa á beira do río Quereño	<i>Asociación de Mulleres Rurais de Quereño</i>	Ourense	Rubiá	40	74.373,29	51,34	38.183,25
D08-31300-170	Ruta das Férvedas	Concello de Carballo	Coruña (A)	Carballo	40	26.326,81	44,49	11.712,80
D08-31300-561	Proxecto sinalización e acondicionamento de circuíto para BTT no Concello de Marín	Concello de Marín	Pontevedra	Marín	40	251.420,49	44,49	111.856,98
D08-31300-663	Senda fluvial e recuperación de muíños	CMVMC de Verducido	Pontevedra	Pontevedra	40	282.999,70	51,34	145.292,05
D08-31300-766	Deseño e implantación de novos produtos turísticos no rural. Trevinca-A Veiga	<i>Asociación de Hostalaría e Turismo de Trevinca Trevihost</i>	Ourense	Veiga (A)	40	109.700,00	51,34	56.319,98
D08-31300-843	Creación de dúas rutas de camiñada no concello de Oourol	Concello de Oourol	Lugo	Oourol	40	225.350,00	44,49	100.258,22
D08-31300-879	Creación de senda e área recreativa	Concello de Castro Caldelas	Ourense	Castro Caldelas	40	19.374,68	44,49	8.619,80
D08-31300-1157	Recuperación e conservación de áreas recreativas da Magdalena, A Tafona, A Veiga e A Casilla	Concello de Cabanas	Coruña (A)	Cabanas	40	66.000,00	44,49	29.363,40

Crédito asignado a proxectos en situación de espera da medida 3.1.3. Fomento actividades turísticas: 1.078.476,08 euros.

* Medida 3.2.1. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

Expediente	Denominación	Promotor	Provincia	Concello	Baremo	Orzamento (€)	% Axuda	Axuda (€)
D08-32110-093	Quioscos da internet	Concello de Tordoia	Coruña (A)	Tordoia	40,5	30.000,00	44,77	13.431,00
D08-32120-114	Rehabilitación e equipamento do local social de Sabucedo e Lamas de Outeiro	<i>Asociación de Veciños O Cruceiro</i>	Ourense	Cartelle	40,5	31.090,92	51,66	16.061,57
D08-32110-271	Creación de comedor para persoas adultas con autismo e área de xestión administrativa	<i>Asociación Bata (Baión, Asociación Tratamento do Autismo)</i>	Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	40,5	104.400,00	51,66	53.933,04
D08-32120-362	Rehabilitación de casa en ruínas para local social	<i>Asociación Recreativa A Capilla</i>	Ourense	Gomesende	40,5	60.800,00	51,66	31.409,28
D08-32120-375	Equipamentos informáticos e multimedia para programa de sensibilización ambiental e divulgación da cultura rural	Centro social cultural deportivo As Pedriñas	Pontevedra	Mos	40,5	12.041,64	51,66	6.220,71
D08-32110-531	Posta en marcha de fórmulas innovadoras de servizos de transporte de viaxeiros	Concello de Cerdedo	Pontevedra	Cerdedo	40,5	82.000,00	44,77	36.711,40
D08-32330-765	Recuperación do patrimonio etnográfico e cultural: reforma dun pombar e de pensión turística de comezos do século XX	Fundación Balneario Cortegada	Ourense	Cortegada	40,5	90.875,58	51,66	46.946,32
D08-32110-883	Acondicionamento exterior do centro ocupacional e de día	Aspadeza	Pontevedra	Lalín	40,5	13.033,77	51,66	6.733,25
D08-32110-1083	Sube, non estás soa, emprende con nós	Fed. Prov. de asoc. Comarc. de empr. Prof. y emprended. de A Coruña (Fedacepe)	Coruña (A)	Coruña (A)	40,5	179.322,89	50	89.661,45
D08-32120-1136	Centro socio-cultural Bexo-Dodro	<i>Asociación Cultural As Murallas</i>	Coruña (A)	Dodro	40,5	49.000,00	51,66	25.313,40
D08-32120-1415	Reforma e rehabilitación de estrutura para local social	<i>Asociación de Veciños o Santiaguño de Carreira</i>	Coruña (A)	Zas	40,5	109.856,64	51,66	50.000,00
D08-32120-1418	Rehabilitación, acondicionamento local social	<i>Asociación de Veciños San Xoán de Vilarente</i>	Lugo	Abadín	40,5	38.338,00	51,66	19.805,41
D08-32110-1454	Telecentros rurais	Concello de Abadín	Lugo	Abadín	40,5	15.300,00	44,77	6.849,81
D08-32120-182	Rehabilitación, acondicionamento e equipamento do local social da asociación de veciños	<i>Asociación de Veciños de Toubés</i>	Ourense	Peroxa (A)	40	6.733,56	51,34	3.457,01
D08-32120-379	Acondicionamento no local social da <i>Asociación A Pincheira</i>	<i>Asociación de Veciños A Pincheira</i>	Lugo	Pobra do Brollón (A)	40	9.400,00	51,34	4.825,96
D08-32110-457	Rehabilitación e equipamento local social	<i>Asociación Veciñal e Cultural Cabalo Branco</i>	Lugo	Pantón	40	20.472,60	51,34	10.510,63

Expediente	Denominación	Promotor	Provincia	Concello	Baremo	Orzamento (€)	% Axuda	Axuda (€)
D08-32120-483	Rehabilitación de cuberta do centro social de San Cibrao	<i>Asociación cultural Santa Cruz</i>	Ourense	Oímbra	40	15.859,64	51,34	8.142,34
D08-32120-486	Adquisición de equipamento audiovisual e multimedia do centro social de Oímbra	Comunidade de montes veciñais de Oímbra	Ourense	Oímbra	40	3.554,99	51,34	1.825,13
D08-32120-642	Rehabilitación e equipamento do local social	AAVV cultural e deportiva de Cordeiro	Pontevedra	Valga	40	85.989,74	51,34	44.147,14
D08-32110-1033	Adquisición de mobiliario para ludoteca municipal situada no núcleo de vivendas de San Rafael-Pereiras	Concello de Mos	Pontevedra	Mos	40	5.362,66	44,49	2.385,85
D08-32120-1301	Rehabilitación, acondicionamento e equipamento de local social	Monte V.M.C. de Reigada	Lugo	Monforte de Lemos	40	67.301,34	51,34	34.552,51
D08-32120-1307	Local social de Meiroil	CMVMC de Meiroil	Pontevedra	Mondariz	40	199.454,35	51,34	50.000,00
D08-32110-1448	Albergue social	Fundación O Noso Lar	Lugo	Samos	40	183.988,00	51,34	94.459,44

Crédito asignado a proxectos en situación de espera da medida 3.2.1. Servizos básicos para a economía e a poboación rural: 657.382,65 euros.

***Medida 3.2.3. Conservación e mellora do patrimonio rural.**

Expediente	Denominación	Promotor	Provincia	Concello	Baremo	Orzamento (€)	% Axuda	Axuda (€)
D08-32330-072	Ruta etnográfica do pan no concello de Carnota	Concello de Carnota	Coruña (A)	Carnota	40,5	167.168,23	44,77	74.841,22
D08-32330-742	Creación do centro de interpretación do pemento	Concello de Oímbra	Ourense	Oímbra	40,5	25.496,21	44,77	11.414,65
D08-32330-056	Equipamento centro de interpretación dos castros	Concello de Cualedro	Ourense	Cualedro	40	40.930,00	44,49	18.209,76
D08-32322-384	Aula Divulgativa Ambiente	<i>Asociación Galega de Actividades Náuticas</i>	Lugo	Taboada	40	92.555,56	51,34	47.518,02
D08-32330-562	Recuperación patrimonial da parroquia de Visantón	<i>Asociación Cultural e Veciñal O Noso Lar</i>	Coruña (A)	Santiso	40	28.238,40	51,34	14.497,59
D08-32311-584	Patrimonio rural de Barbanza e Graiade de Ribasieira	CMVMC Barbanza e Graiade de Ribasieira	Coruña (A)	Porto do Son	40	107.072,00	51,34	54.970,77
D08-32330-604	Rehabilitación dun muíño en Regueirolongo e adecuación do seu contorno	Concello de Cerdido	Coruña (A)	Cerdido	40	92.068,13	44,49	40.961,11
D08-32330-1060	Restauración de muíños e roteiro de camiñada	CMVMC de Godóns	Pontevedra	Covelo	40	237.706,49	51,34	122.038,51
D08-32330-1078	Proxecto de recuperación do patrimonio natural rural: restauración de eirados	<i>Asociación Cultural Cerdido Ecce-Homo</i>	Pontevedra	Cerdido	40	159.523,51	51,34	81.899,38
D08-32311-1462	Proxecto silvopastoril no Monte de Goo	CMVMC de Goo	Lugo	Incio (O)	40	33.283,61	51,34	17.087,80

Crédito asignado a proxectos en situación de espera da medida 3.2.3. Conservación e mellora do patrimonio rural: 483.438,81 euros.

Terceiro.-Notifíquese esta resolución aos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñerse recurso potestativo de reposición ante do Consello de Dirección da Agader no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

**SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN
DA IGUALDADE DO HOME
E DA MULLER**

Corrección de erros.-Resolución do 2 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases e o procedemento para a concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta, ao abeiro do previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria.

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 52, do luns 16 de marzo de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 5.477 é necesario anular o anexo I e publicar o que vai a continuación: